

LIBRO Máis de sesenta escritores galegos apoian a actual localización do instituto de Celanova no claustro do mosteiro que as autoridades públicas queren converter en hotel turístico


'En defensa do poleiro'

Xoán Carlos Domínguez Alberte coordina a obra na que participan Anxo Angueira, Chus Pato ou Marilar Aleixandre

Vanesa Oliveira · Santiago

Máis de sesenta escritores poñen a súa creatividade ao servizo da solidariedade no volume colectivo *En defensa do poleiro*, nome que recibe o claustro do mosteiro de Celanova onde está localizado o actual instituto da vila, que se quere converter nun parador de turismo. A *Plataforma en defensa do uso público e educativo do mosteiro de Celanova*, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), presentará mañá ás 20:00 horas o volume, que edita Toxosoutos, na Fundación Caixa Galicia no Cantón Grande da Coruña. No acto estará presente o seu coordinador, Xoán Carlos Domínguez Alberte, xunto cos autores do contorno coruñés que participan na iniciativa: Olga Patiño, Diana Varela, Xulio López Varcárcel, Lino Braxe, Paco Souto e Francisco X. Fernández Naval. Ademais, tamén se exportarán e poranse á venda as ilustracións da pintora Mané Boán que inclúe o libro mais proxectarase o documental *O IESpllicable*, elaborado pola Plataforma, sobre a importancia do instituto de Celanova.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez e a secretaria da Asociación, Mercedes Queixas asinan o prólogo do libro, que se xestou en só catro meses. Xoán Carlos Domínguez Alberte salienta que esta obra



Domínguez Alberte coordina este volume, cuxa portada é unha ilustración da pintora Mané Boán



A HISTORIA

Un inmueble dedicado ao ensino

O Mosteiro de San Salvador de Celanova, fundado en 936, sumo na actualidade máis de século e medio de uso público. Tras a desamortización de Mendizábal, pasou a mans do concello. No século XIX albergou dúas escolas de primaria. Os Padres Escolapios fundaron tamén ali un colexio que chegou a ter 200 alumnos. En 1975, o concello cedeu parte do mosteiro

ao Ministerio de Educación para crear o Instituto de Celanova. Aínda que o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, anunciou a creación dun novo instituto, a súa construción aínda non comezou. O claustro de profesores e os veciños opóñense ao traslado do centro e a que no mosteiro se constrúa un Parador Nacional de Turismo, como está en proxecto.

nace como "unha necesidade de facer fronte a un acto de barbarie por parte dos poderes públicos que pretenden expropiar un ben do patrimonio galego, a parte dedicada ó instituto, con fins especulativos". De feito, a semana pasada a Plataforma protestou diante do Parlamento e pouco despois, o parlamentario nacionalista Alfredo Suárez Canal pedía explicacións na Cámara galega sobre a intención de trasladar o instituto a un novo centro de ensino cuxas obras aínda non comezaron.

"As razóns que lle deron dende

Educación é que o instituto ten goiteiras ou barreiras arquitectónicas. Iso é falso. O instituto é un dos mellor acondicionados de Galicia, en canto a instalacións, equipamentos ou novas tecnoloxías. E queremos que siga estando nun recinto, o do mosteiro, coñecido como poleiro, que estivo secularmente dedicado á cultura galega", explica.

Marilar Aleixandre, Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo, Anxo Angueira, Xurxo Borrazás, Lino Braxe, Francisco Castro, Xavier Cordal, Antón Cortizas, Lois Diéguez, Alfonso Eiré, Bieito Iglesias, Alberto Lema, Mario Regueira, Olga Novo ou Chus Pato achegan relatos e poemas "orixinais e inéditos" que fan relación a este conflito que mantén enfrontados os veciños co concello, que preside o popular Antonio Moureiro.

"Para a construción dun novo centro de ensino dedicáronse partidas ridículas. Están a vender unha cortina de fume. O propio concello foi apropiarse duns terrens que non lles pertencen", apunta Domínguez Alberte.

Ademais, durante o acto proxectarase o documental *O IESpllicable*, un documental de vinte minutos no que os seus profesores contan a razón de ser do instituto e a importancia que ten para Celanova a localización do centro neste mosteiro. "Animamos á xente a coñecer o instituto, xa que ten unha biblioteca impresionante, que alberga máis de 17.000 volumes. Dende o equipo educativo queríase que estivese aberto á cidadanía, pero non se permitiu. Iso, co agravamento de que a biblioteca pública está pechada", comenta Domínguez Alberte. ●